



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 4 DE XUÑO DE 2009**

<u>ALCALDE:</u>	D. Jesús Vazquez Almuiña
<u>CONCELLEIROS:</u>	D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dña.Rosa Ana Marcote Guillén Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez Dña.Maria Iglesias Fernández Dña.Ana Simons Sánchez D.Jose Rodríguez Trigo Dña.Maria Jesús Martíns Passos  D. Manuel R. Vilar Marquez  D. Rafael Lores Rosal D.Manuel Rafael Estévez González Dña.Laura Miguez Pérez Dna.Emilia Giráldez Ramirez Dña. Teresa Perez Vieira D. Manuel A. Gonzalez Marcote  D. Xose Enrique Fernández Fernández D.Roberto C.Valverde Sabin
<u>SECRETARIA:</u>	Dña.Susana Gallardo Fariña
<u>INTERVENTORA:</u>	Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a catro de xuño de dous mil nove, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION DE ACTAS ANTERIORES.**

**Acta de 11 de maio de 2009**

**Acta de 14 de maio de 2009**

Sometidas a aprobación as devanditas actas, son aprobadas por unanimidade.

**2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

**3.-APROBACION, SE PROCEDE, DAS RESOLUCIONS DAS RECLAMACIONS PRESENTADAS Ó PRESUPOSTO XERAL DO CONCELLO DE BAIONA CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2009 E APROBACION DEFINITIVA.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.SECRETARIA**, quen da conta da seguinte:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

### **PROPUESTA DE ALCALDÍA**

En sesión plenaria de 23/04/09 se aprobó inicialmente el Presupuesto General del Ayuntamiento de Baiona para el año 2009, publicándose en el B.O.P. nº 84 de 06/05/09 para cumplimiento del trámite de exposición pública por un plazo de 15 días hábiles, plazo que finalizaba el día 23/05/09, inclusive.

Vistas las alegaciones presentadas en el trámite de exposición pública y de conformidad con lo establecido en los artículos 169 y 170 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 marzo se eleva al Pleno, de conformidad con el Informe nº 74/09 de Intervención, el siguiente **ACUERDO**:

**1º. Inadmitir las alegaciones nº 1, 2 y 3, R.E. nº 4483 de 22/05/09, presentadas por D. Juan Manuel Álvarez Castro, en representación de FSP-UGT, al no basarse en ninguno de los supuestos del artículo 170.2 del TRLHL para interponer una reclamación al pPresupuesto.**

**2º. Desestimar las alegaciones nº 4 y 5, R.E. nº 4483 de 22/05/09, presentadas por D. Juan Manuel Álvarez Castro, en representación de FSP-UGT, por considerar adecuada la consignación presupuestaria de las partidas de vestuario y medios técnicos del servicio de la Policía Local.**

**3º. La aprobación definitiva del Presupuesto General del Concello de Baiona para 2009 y ordenar su remisión al B.O.P. para su publicación.**

---

**SR.RODAL, PP.-** Como se expone en la Propuesta de Alcaldía se presentaron 5 alegaciones al Presupuesto municipal del 2009 aprobado en el pasado mes de abril, todas ellas presentadas en tiempo y forma por D.Juan Manuel Alvarez Castro en representación de FSP-UGT; las 3 primeras tienen relación con gratificaciones percibidas por personal de responsabilidad, la segunda en cuanto al derecho a percepción de dietas por desplazamiento para cursos de formación y perfeccionamiento del personal, y la tercera con relación a la diferencia que perciben los agentes que no sean de nuestro Municipio por servicio; esas 3 alegaciones son desestimadas, como bien comentó la Interventora y como cita ese informe, por no haberse dado en ningún momento los motivos del art. 170.2 del TRLHL; las dos siguientes, sobre partidas presupuestarias, tanto la de vestuario de la Policía Local como la partida para disponer de mejores medios técnicos para el servicio de las funciones de la misma, se inadmiten igualmente por ser las partidas presupuestarias las adecuadas dentro del Presupuesto.

**SR.LORES, PSOE.-** En principio, reconocer las Banderas azules para Baiona, es una buena noticia; son las noticias que Baiona necesita; reconocer el trabajo del equipo de gobierno y del concejal delegado y también el compromiso de la Xunta de Galicia en el tema del saneamiento de la ría; y esperar que para el próximo año, con la puesta en funcionamiento de la depuradora, también puedan optar otros arenales como el de la Concheira, sería muy buena noticia que todos los arenales de Baiona tuvieran Bandera Azul.

También agradecer a la señora Interventora, que el Alcalde le pasó la nota, el informe que nos hizo llegar con prontitud y claridad. Muchas gracias.

**SR.ESTEBEZ, PSOE.-** Sr.Rodal, las 3 primeras alegaciones de UGT al Presupuesto no se desestiman, se inadmiten, que es diferente. Las alegaciones, para este grupo municipal, una vez leídas y entendidas, en principio son muy razonables; una cosa es la naturaleza jurídica, las 3 primeras se inadmiten por una disculpa jurídica; y las 2 últimas se desestiman, cosa que respetamos, por un criterio; pero en resumen se podría determinar, la primera de ellas, que lo que ellos exigen es que se cumpla la Ley; la segunda es que no se le pongan limitaciones a los derechos de los trabajadores en su formación; la tercera, una situación de justicia que es la



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

equiparación salarial con otros Agentes u Oficiales desplazados; y en las dos últimas lo único que piden es más dotación presupuestaria para llevar a cabo su labor con garantía y con dignidad, es decir, son absolutamente razonadas.

El presupuesto del Concello que se debate cada año incluye un documento político que es la Memoria de Alcaldía, y yo echo de menos que cuando se hacen reclamaciones a este documento que también exista una memoria de Alcaldía hablando sobre las reivindicaciones que hacen determinadas personas, en este caso los trabajadores de la Policía Municipal.

Sobre la primera de las alegaciones, hemos repetido en este Pleno en diversas ocasiones que uno de los grandes defectos de la política económica-presupuestaria de este Concello es el tema de los contratos y de las horas extras, ellos hacen referencia a esa situación y hablan de que pueden convertirse en situaciones permanentes y periódicas; situaciones que pueden convertirse en salarios extraños ó ficticios, ó en prebendas. Sobre la segunda, es muy discutible que no se establezcan limitaciones; al número de cursos que ellos piden no se establecen limitaciones, pero sí que se establecen en las ayudas económicas para realizar esos cursos, con lo cual sí que está la limitación en el Presupuesto.

La tercera habla de la equiparación salarial, es una situación de justicia.

Sobre las dos últimas, que se desestiman, nosotros nos vamos a agarrar a cómo acaba el informe de Intervención, que cualquier partida presupuestaria puede ser modificada, posteriormente; y si queda escasa, que se modifique; vamos a estar atentos a esas situaciones y apoyaremos cualquier modificación presupuestaria que haga que la Policía Local de Baiona tenga muchos más medios para llevar a cabo su labor; y estoy convencido de que ya han hecho muchísimas reivindicaciones, vía Registro, para solicitar nuevos medios técnicos, de vestuario, como ellos dicen, como sonómetros o pruebas para realizar alcoholemias, etc.. Nada más, muchas gracias.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Como decía o compañeiro Rafa, efectivamente nas alegacións que se presentan por parte da UXT, da Policía, quixeramos diferenciar duas partes; unha, de puramente a interpretación da Lei que fan as duas partes, cada ún pode ter a sua razón e cada ún pode ver a botella medio chea ou medio vacía; en todo caso sí estamos dacordo co alegante no referente ós recortes que se preveen (isto é un Presuposto e polo tanto se da por suposto que vai a ser así), pero que ó final non é unha cuestión definitiva senón que, como ben se dí, é un Presuposto, un orzamento, e aquí os servizos do Concello establecen que o máximo por asistencia a un curso poida ser duas veces por ano, e eles entenden que iso recorta dalgún xeito a sua liberdade, a formación, que ó final vai repercutir no funcionamento do servizo; é unha cuestión de interpretacións e evidentemente a Intervención traballa por estadísticas, e eles non están dacordo con iso.

Estamos dacordo con eles en que existen gratificacións que parecen mais prebendas, da maneira que se está facendo, que en realidade o que deberan de ser. O que nos chama a atención é a alegación das partidas que se establecen nos Orzamentos no que respecta a material de reparación; no apartado de servizo de seguridade, 222.21.30, que se refire á reparación, mantemento e conservación de maquinaria, pasa de 2.550 euros do ano pasado a 8.000 euros este ano; tamén dí a Intervención que, en caso de non ser suficiente, que se faría unha modificación presupostaria; eu creo que, como dí o alegante, é totalmente insuficiente, e digo porqué: porque claramente é necesario comprar novo material xa que polas circunstancias de que a lei se vai modificando o actual quedou obsoleto e non se pode utilizar, proba délo é que fai uns días houbo un accidente grave en Baiona e para comprobar o nivel de alcoholemia da conductora tivo que chamarse ó Concello de Nigrán para que resolvera a papeleta.

Debera ser unha prioridade para este goberno mercar un etilómetro que, a día de hoxe, homologado na rúa, está arredor de 14.000 euros; se no orzamento pómos unha partida de 8.000 para reparación, mantemento e conservación, xa non nos chega esa partida. Ademáis necesitamos comprar un sonómetro homologado que son 4.000 euros máis; polo tanto creo que o alegante ten toda a razón do mundo cando dí que o diñeiro que está presupostado para esta partida é claramente insuficiente.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Sr. Alcalde, quero recordarlle que vostede como máximo responsable da seguridade deste pobo ten a obriga por Lei de pór nas mans da Policía toda a ferramenta necesaria para o exercicio das súas funcións; de non facélo así está vostede incurrindo nun delito; creo que vostede debера tomar nota e aceptar as alegacións que polo menos sí teñen unha base fora de interpretacións, aceptálas e incluílas no Orzamento; facer a modificación orzamentaria que sexa precisa, porque o único que van a lograr agora, deste xeito, é alargar un tempo máis ter que facer esa modificación, porque evidentemente cae de caixón que o etilómetro e o sonómetro van ter que comprálos. Estamos en contra da desestimación da proposta; non estamos dacordo con esta Proposta da Alcaldía.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Me sorprende que se fagan alegacións ó Presuposto por parte da Policía, pero é que a vez que fan alegacións xa acuden directamente ó Xulgado, é dicir, que existe unha tendencia a xudicializar a vida política no sentido de relacións entre a Policía e o goberno municipal; isto realmente é grave.

E certo que se analizamos os medios sempre resultan insuficientes pero nun Concello como Baiona a vontade de funcionar é moito máis importante cos medios de que se dispoña. O que sí é grave é o que está percibindo nestes momentos a cidadanía: que existe unha certa actitude de boicot no cumprimento de certas obrigas por parte da Policía, e isto non o digo eu, o dicen constantemente os veciños na rúa; ou cando se lles da por multar de xeito indiscriminado e sorprendente, ou cando se lles da por mirar a outro lado non cumprindo as veces o control da recollida selectiva do lixo, que teñen que controlar. A Policía, independentemente dos medios dos que dispoña, ten que ser profesional, ten que estar ó servizo dos intereses municipais, ten que velar polos intereses do Concello e polos intereses do goberno municipal que ó fin e ó cabo é quen goberna e quen dicta as normas en Baiona, e todo iso non se está percibindo. Non esquezamos o día da carreira da medio maratón Vigo-Baiona, cando ocorreu o tema das baixas, unha situación un pouco anormal, a proba é que de feito tivemos que recurrir á Guardia Civil.

Toda esta actitude non conduce a nada, máxime cando estamos nunha negociación, da RPT, da relación de postos de traballo, estamos en plena negociación, e os medios que temos son os que son; os traballadores do Concello son os que son, e cando unha persoa se presenta á Policía Local se presenta para o Concello de Baiona coas características que ten o Concello de Baiona; éste non é un Corpo rexional ou nacional como pode ser a Policía autonómica ou a nacional. Polo tanto esta situación o que fai é desprestixiar ó propio Corpo da Policía Local de Baiona e creo que teñen que cambiar de actitude radicalmente, iso é o que están reclamando os veciños; esta actitude de boicot non conduce a nada; soamente conduce ó desprestixio da propia Policía. Podo decírlle máis alto pero non máis claro: a situación da Policía de Baiona vai por un camiño completamente equivocado; alá eles; entendemos que esa situación non é boa; se subirán os soldos na medida proporcional que poidamos facélo; todos queremos gañar máis, iso está claro, pero o que non se pode é deixar de ser profesionais. Toda esa sensación que se está percibindo o que fai é desprestixiar á Policía Municipal de Baiona e teñen que deben cambiar de actitude radicalmente, senón, vamos por mal camiño. Os informes clarísimos e moi ben analizados por parte da Secretaría e da Intervención, poñen as cousas no seu sitio; temos que rexeita-las alegacións porque, dalgún xeito, non se axustan á legalidade. E lamentable que isto teña que vir a un Pleno, retrasando o Presuposto; é de verdade penoso. Nós o rexeitamos con tódalas consecuencias.

**SR.RODAL, PP.-** Respecto a la primera alegación, sobre gratificaciones por responsabilidades, tienen que recordar que estas gratificaciones se hicieron creo que a finales del 2005 y el motivo era paliar el tema de las horas extras, cuando estaban gobernando ustedes, y el Sr.Fernández puede recordar perfectamente que siendo el máximo de horas extras por un funcionario 80 horas había empleados que sacaban incluso más en horas extras que el salario del entonces Alcalde, Luis Carlos de la Peña; no creo que los Sindicatos estuviesen de acuerdo con eso; el tema de gratificaciones fué realmente para compensar esas responsabilidades.

Del segundo punto, que comentó el Sr.Estévez de las dietas por cursos, aquí lo que se está diciendo es que hay un presupuesto para que todo el personal pueda tener durante el año



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

derecho a cursos, pero que sea limitado de 5 días hacia adelante, con más días siempre que sean dos cursos, pero no se limita la percepción de las dietas siempre que sea de 4 días hacia abajo.

La tercera alegación; ustedes dicen que no ven justo que cuando se contratan agentes o vienen a hacer un servicio de otros municipios, que se les pague más que a nuestros propios agentes; esto lo hacen todos los Municipios, es lo normal; si para la Fiesta de la Arribada tiene que venir Policía exterior, ya sea de Sanxenxo o de Pontevedra, lógicamente les pagan las dietas y el desplazamiento, pero ellos pierden su tiempo en venir hasta aquí; lo mismo pasaría con nuestros agentes si tienen que ir a cualquier acontecimiento fuera de nuestro Municipio; ellos no van a querer cobrar lo mismo que cobrarían los municipales de ese Municipio; es un tema extraordinario; sino se les pagara más nunca nos vendrían sabiendo que aún por encima ese día tienen muchísimo más trabajo.

Respecto al 4º punto de la partida presupuestaria para el vestuario, como ha dicho la Interventora la partida necesaria para este año 2009 son 9.000 euros; cuando ustedes gobernaron la partida presupuestaria media era de 11.500 euros, desde que estamos nosotros la partida media para el vestuario es de 13.500 euros, o sea, que estamos 2.000 euros por encima de cuando gobernaban ustedes.

Con respecto a la cuarta alegación, dice que no hay partida para medios técnicos del servicio; antes, el Sr.Fernández comentaba que sí hay una partida, la 222.21.30, que por cierto, no son 8.000 euros: son 13.000 euros, para mejora de la funcionalidad de nuestra Policía Local, y eso hay que englobarlo; aquí la Policía Local tiene vehículos que están nuevos, lo que también es calidad a la hora de ejercer su función, mientras que en Vigo, por ejemplo, tienen una dotación de vehículos malísima, son ZX y muchos tienen 500.000 kilómetros, eso también hay que tenerlo en cuenta. Obviamente la Policía Local requiere muchos servicios y es verdad que hace falta un sonómetro, un alcoholímetro, pero estamos trabajando en ello; lo que quiero decir es que hay que ver un poco toda la perspectiva.

**SR.ESTEBEZ, PSOE.**- Somos firmes partidarios, y creemos firmemente, en la negociación y en el diálogo; podemos discutir y estar de acuerdo ó no con las medidas de presión en algunos casos quizá no adecuadas que puedan llevar a cabo los trabajadores en defensa de sus intereses, como pasa ahora mismo en Vigo con el metal ó como ha pasado aquí con las bajas de la Policía.

Sr.Vilar, dió usted la impresión con su intervención de que "se portan mal y nos retrasan el Presupuesto, esto es inadmisibile", realmente leyendo las alegaciones yo no veo ningún afán de revancha ni de dilatación en el tiempo de nada; veo cierta razón, son razonables ó por lo menos merecedoras de estudiar; y toda dotación presupuestaria, obviamente, puede quedar corta; los medios técnicos que necesita cualquier trabajador para llevar a cabo su función deben ser los más adecuados y dignos para poder cumplirla, obviamente cumpliendo la legislación y la justicia salarial.

Eso es más o menos lo que está pidiendo el Cuerpo de la Policía Local en estas alegaciones; yo realmente no veo revanchismo, ni venganza, ni dilatación; es un procedimiento administrativo, así de claro. Sr.Vilar, creo que no debemos compartir su postura sobre que "ya que han hecho eso pues ahora los castigamos", y ya le digo que podemos no compartir las formas de actuar de los trabajadores en defensa de los derechos que ellos creen que pueden defender, pero aún así, la negociación y el diálogo es nuestra mayor defensa, pero ¿cuál es el principal documento de negociación? pues un Convenio colectivo, y en este Concello el convenio colectivo lleva muchísimos años sin realizarse, sabemos que existe intención por este gobierno de llevarlo a cabo pero a día de hoy, y con todos los años que han pasado, no se ha realizado aún; y ya dijimos en el debate de Presupuestos que veíamos como una medida positiva la relación de puestos de trabajo, con casi 30.000 euros de dotación.

Leyendo las alegaciones las vemos absolutamente razonables, y como decíamos antes, una cosa es la valoración política de esas alegaciones (como hacemos de un Presupuesto con la Memoria de Alcaldía) y otra cosa es un informe técnico y jurídico donde se inadmiten por un defecto legal ó se desestiman, que quizá ya entendamos más porque es por criterios.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Realmente, cualquier modificación presupuestaria que mejore la calidad de trabajo de cualquier funcionario de este Concello, el Partido Socialista la va a apoyar. En este punto, de la misma forma que planteamos nuestra abstención en el Presupuesto, nos vamos a abstener.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Vilar, a vostede non lle pode parecer mal que un colectivo como é a Policía acuda ó Xulgado; a mín tampouco me parece mal que un concelleiro que gaña 3.000 euros ó mes suba 20 pasos de escaleira por reclamar 50 céntimos dunha nómina, non me parece mal, pero canto máis a Policía, que reclame un porcentaxe importante do seu salario e da calidade de vida do seu traballo cando o goberno non lle fai nin caso; é evidente que teñen dereito a facélo, están no seu dereito e deben de facélo polo seu propio ben.

Eu estiven gobernando durante 1 ano e me tocou levar a Policía e lle podo asegurar que foi o colectivo que máis se deixou a pel no traballo nese tempo e o único que pediron foi material para poder traballar, e respecto; e iso se lle deu: material e respecto, durante un ano.

Vostede falou de que hai un descontrol por parte do goberno local, o dixo vostede: un descontrol total da Policía Local; e iso mete medo; que multan cando queren, por onde queren, que miran para outro lado, etc., etc; é que a Policía non ten que multar onde vostede lle diga; a Policía ten que facer o seu traballo e os controles que teña que facer; hai algúns que están estipulados por Decreto, e dende que están vostedes gobernando eses que establece a Lei que deben de ser por Decreto non se volveron a facer e hai outros, ós que se lles chaman estáticos, teñen que ser por Decreto, e non se poden facer sen orden do Alcalde, e deses non se fixo ningún; antes se facían tódalas semanas porque o concellal así o ordenaba; e hai outros que son a "motu propio" por parte da Policía, e eses se fan, pero se fan ata que non pasa un membro do equipo de goberno que informa ó Alcalde e éste chama a quen ten que chamar para que se eliminen eses controles, tendo incluso a un concelleiro adicado a controlar á Policía Local por se fai controles ou non os fai; e todos sabemos de quen estamos falando.

Isto que non o sabe moita xente eu o coñezco porque estiven un ano coa Policía, sei como hai que funcionar con eles e mentres estiven eu de responsable nunca sucedeu nada disto; nin nunca se lle dixo: "multa por aquí que interesa, e non multes por alá", por moito que veñan empresarios a solicitar que se deixe de multar en zonas específicas, por moitas reunións de empresarios que haxa, e que pidan cabezas de Policías; iso non llo deberan de consentir a ningún.

A Policía ten a súa función e ten o seu Regulamento, e está para o que está; non son marionetas nin o deben de ser, de ningún goberno local, e vostedes queren marionetas. O outro día dixeron vostedes, coa boca chea, que o posto da Garda Civil de Baiona era o máis importante da zona, que había un montón de medios, e a cuestión é que tiveron que botar tamén máis das concelleiras do PP para dirixir o tráfico, e de iso hai proba gráfica, hai fotografías de dúas concelleiras dirixindo o tráfico en Ramallosa e en Baiona; válenlle para todo; non vou a dar nomes porque xa as coñece, e claro que non lles caen os aneis, pero non é función dunha concelleira facer de garda de tráfico porque se hai un accidente eu quixera saber quen vai a pagar as responsabilidais dese accidente: "zapatero a tus zapatos", que as veces nin os teus zapatos sabes arreglar.

Sr.Rodal, efectivamente cando estivemos gobernando houbo un exceso de horas extras, e antes, e despois, é dicir, agora; vostedes o que fan é pagarlle un plus ós obreiros para pagar menos pero as horas se seguen facendo igual, un montón de horas extras, porque o persoal que hai no Concello non é dabondo ou está mal organizado; pero eu son da idea que a persoa que faga horas extras que as cobre, porque iso redundará na calidade do servizo, non lle quepa dúbida; así funcionamos en Baiona agora, claro, as persoas que están cobrando ese plus algunhas viven de maravilla porque non fan horas nunca, pero os que as fan de verdade lle sale a una miseria cada hora e despois pasa o que pasa.

Os recortes dos cursos son recortes, porque senón non os poñan; e as partidas orzamentarias veñen escritas no Orzamento, e está aquí marcada a que fixeron vostedes e pón: 8.000 euros, partida 222.21.30, de reparación, mantemento e conservación, 8.000 euros; un sonómetro vale 4.000 e un etilómetro vale 14.000; boten vostedes as contas.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Están vostedes errados; agora ben, tampouco compartimos que por parte da Policía, ou por parte de calquer grupo, se lle bote un pulso ó Alcalde, non estamos dacordo; ninguén, neste Concello, debe botarlle un pulso ó Alcalde, porque evidentemente o Alcalde ten que porse á defensiva, efectivamente eu faría o mesmo; se a mín alguén me quer botar un pulso gobernando pois botamos o pulso, ata as últimas consecuencias. Creo que o que hai que facer, polo ben de todos, é sentarse e negociar, e negociando poden desaparecer as denuncias do Xulgado, pódense resolver os problemas, senón é nun ano é en dous, ou en tres, pero iso se fai negociando, así se poden resolver tódolos problemas; senón se negocia, "pao que te criou", miren o que está pasando en Vigo: mal para todo o mundo.

Nós vamos a apoiar as reivindicacións da Policía, pero tamén lle pedimos á Policía e ó goberno, ó Alcalde sobre todo, que se senten e negocien, que non trate de impórse; porque claro, cando se ten 9 votos se parte dunhas condicións de dominio, pero cando se quer chegar a un consenso as condicións de dominio hai que apartálas, porque senón non hai consenso.

Pedimos que se acheguen a unha negociación, que traballen nélo; cando se negocia todo o mundo ten que pór da súa parte, todo o mundo; porque senón vamos mal; e xa estamos no verán e coas obras que se están facendo en Baiona sempre prodúcense caos pola aglomeración de xente, e nós sen Policía, pobre de nós, por moito que digan algúns veciños (algúns falan por falar) que a Policía non fai nada ou que están na cafetería bebendo, iso sabemos que é mentira, pode suceder con algún nun momento puntual, pero iso non é así; é a mesma fama que teñen os funcionarios municipais de que non pegan branca, según a xente da rúa, e como a mesma fama que temos nós de que vimos aquí a rañála, según moita xente; e pode ser que algún sí, pero outros veñen a facer o seu traballo, e o fan ben ademáis.

E importante retomar esa postura, Sr. Alcalde, pídlle de verdade que a retome, non impoñendo nin tampouco amenazando, nin por unha parte nin pola outra; cando hai vontade de facer as cousas ben, se fan e se sacan adiante. Moitas grazas.

**SR. VILAR, CMÑ.** - Se me esqueceu agradecerlle a Rafa Lores, portavoz do PSOE, a felicitación polas Bandeiras Azuis; nós seguimos traballando nese tema, seguiremos traballando para que o ano próximo haxa máis Bandeiras azuis, mellorar en tódolo que esté dentro das nosas posibilidades porque ó final iso vai repercutir no interés de todos.

En canto ó que plantexaba, creo que con bastante sensatez, de facer un Convenio xa que iso supón mellorar para todos, decirlle que en iso estamos; en melloras que poidan xurdir de calquer negociación cos colectivos, de feito estamos negociando a RPT; as melloras deben ser para todos, os fondos son os que son, e se a Policía se cree que ten un soldo baixo o mesmo se poden crear os operarios de Vías e Obras, os operarios eléctricos, etc., todos teñen seus riscos, incluso uns se suben ós postes, por certo creo que o Sr. Fernández nos pode decir o risco que supón reparar un poste, aínda que me imaxino que el utilizará tódolos medios que lle proporciona FENOSA.

Estamos nesa liña, é a liña que defende o goberno municipal, e eu sempre tratei de que houbera convenios, que son melloras; de feito o Convenio que temos en Baiona se fixo na época na que eu era Alcalde e curiosamente pasaron moitísimos Alcaldes por aquí e nadie plantexou ún novo. O Convenio, estando na Deputación, me tocou a mín como Diputado delegado de persoal negociálo no seu día; sempre son positivos e que con eles se consiguen melloras para os traballadores, pero ten que haber unha contrapartida e esta contrapartida é a honestidade no desenrolo das funcións, porque entendo que cando un Policía está de uniforme na rúa ten que cumprir a raxatabla todo o cometido do que está investido, toda a autoridade da que está investido, que é a de Policía Local; e nese caso eu sei o que non se está facendo; se está utilizando como unha medida de presión. Eu, como concelleiro de Medio Ambiente, sei que moitas veces se están incumprindo temas en recollida selectiva e miran para outro lado; a mín non me chegan informes da Policía Local decindo que "tal local non reciclou e depositou as caixas de cartón en tal contenedor sen cortar e sen reciclar" ou "tal local verte nos contenedores sen bolsas"; e eu o vexo, eu vexo que a Policía non fai iso, ¿porqué?: porque pasan do tema, esa é a realidade, pasan do tema, podo decirllo máis alto pero non máis claro.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Creo que non se deben confundir as reivindicacións salariais coa función que teñen que facer como Policía Local, coa autoridade da que están investidos, coa responsabilidade, para gañarse sobre todo o respecto dos veciños, iso é o fundamental; se están equivocando totalmente co plantexamento que están levando ata a data de hoxe: non hai que confundir unha reivindicación salariable coa función que están obrigados a facer como Policía Local na rúa.

En canto ó que dí o BNG, os Policía soamente lle pedían material e respecto, é curioso, non lle pedían diñeiro, ¿porqué? porque o das horas extras estaba desfasado, por iso non lle pedían diñeiro; non lle pedían melloras salariais porque estaban percibindo de horas extras unha cantidade desproporcionada, e claro, estaban contentos; non se daban conta que estaban causando un grave desequilibrio na comparativa co resto dos traballadores do Concello, e iso non pode ser, e este goberno tivo que tomar medidas porque ó fin e ó cabo se por algo nos temos que caracterizar nun Concello como o noso é polo rigor administrativo, por administrar os fondos públicos con rectitude, honestidade, e rigor, sobre todo, cousa que lle falta ó BNG; todos sabemos que ún dos grandes problemas que ten o BNG é que non son xestores, así pasan os desastres que pasan, como ese buraco negro que temos na Xunta de Galicia que non se sabe onde se gastou, claro, se gastaba alegremente e non se miraban os ingresos; esa falta de xestión, desgraciadamente, a ten o BNG e a ten a maioría da esquerda; a esquerda non está habituada a xestionar, e a veces aquel dito que dí: "A dereita crea riqueza e a esquerda lla distribúe", pois pode ser, pero chega un momento que distribúen tanto que vacían completamente as arcas do Estado e chegamos ó que chegamos; claro, facer política social é moi fácil, a todos nos gusta facer políticas sociais, repartir soldos a uns e a outros, todo iso é maravilloso, pero chega un momento en que hai que producir, hai que xerar ingresos; a ver se creen que a mín non me encantaría que tódolos parados teñan un soldo, estupendo, e tamén os estudantes, e chegar a unha sociedade en que todo o mundo viva do Estado, pero sabemos que iso non é posible; que a sociedade dependa do Estado exclusivamente nos levaría ó extremo, ó caso de Cuba, miren ustedes como viven en Cuba: administran a miseria; sí, administran a miseria; a iso é a onde nos leva unha política de esquerdas sen xestión.

Realmente creo que o BNG tiña moito que aprender, o Sr.Fernández chegou aquí, atopouse coas arcas cheas e dedicouse a repartir e todo iso lle deixou un recordo moi agradable da Administración, e non olvidemos cando mandou a destaxo unha pala a Baredo e logo nos pasou unha factura de 3 millóns de pesetas. Non obstante quero recoñecer que na última parte da súa intervención dixo cousas sensatas, que eu mas apunto; dixo que un colectivo nunca pode botarlle un pulso ó Alcalde, e moito menos a un goberno que quere gobernar, que iso é un erro; palabras suas que eu comparto totalmente, son palabras sensatas. Dixo tamén que é partidario de que as melloras sexan para todos, tamén é unha frase sensata que comparto plenamente, se ten que haber melloras ten que ser para todos os colectivos, e resolver os problemas tanto da Policía Local como de Vías e Obras, electricidade, funcionarios administrativos, etc., todos teñen problemas e me parece perfecto que haxa que resolvélos, esa é a nosa liña pero repito: dentro das nosas posibilidades como Concello; e a Policía Local é iso: Policía Local; ¿qué existen outros Concellos en que poidan gañar máis?, pois alá cada ún, pero cando aquí opositaron sabían a que colectivo opositaban, e saben cal é a realidade de Baiona.

Nós tamén temos que ser realistas e creo que a actitude que toma agora o goberno de Baiona, da inadmisión e do rechazo das diferentes alegacións no punto que estamos debatindo, é correcta e a que temos que adoptar para ter o Presuposto xa operativo de inmediato. Moitas grazas.

---

**Sometido polo Sr.Alcalde a votación o presente punto, resultan: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 2,BNG; producíndose 6 abstencións, PSOE.**

---

**Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:**





**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**1º. Inadmitir as alegacións nº 1, 2 y 3, R.E. nº 4483 de 22/05/09, presentadas por D. Juan Manuel Álvarez Castro, en representación de FSP-UGT, ó non basarse en ningún dos supostos do artigo 170.2 del TRLHL para interpór unha reclamación ó Orzamento.**

**2º. Desestima-las alegacións nº 4 y 5, R.E. nº 4483 de 22/05/09, presentadas por D. Juan Manuel Álvarez Castro, en representación de FSP-UGT, por considerar adecuada a consignación presupostaria das partidas de vestiario e medios técnicos do servizo da Policía Local.**

**3º. A aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para 2009 e ordear sua remisión ó B.O.P. para sua publicación.**

---

**SR.ALCALDE.-** Decir que dende o goberno estamos plenamente convencidos de que tanto o persoal laboral como funcionario deste Concello é un persoal de alta cualificación, que desempeñan un traballo de moito mérito e non temos nada que envidiar a ningún outro Concello.

Estamos convencidos, en relación con este punto que estamos tratando, de que temos a sorte de ter unha plantilla excepcional. Temos claro, e por iso estamos en negociacións, que hai unha serie de aspectos que están con certo retraso tratados e que hai que adecuar, como é o Convenio regulador, antes convenio colectivo, e tamén a RPT, por iso estamos negociando con moito interés nunha serie de xornadas xa establecidas cunha periodicidade. O equipo de goberno ten que valorar tódolos postos de traballo e ver as melloras para tódolos traballadores deste Concello; non facemos distincións por servizo, sí especificamos o que ten que ser cada servizo, pero ten que ser un tema xeral; tamén temos que velar por algo importantísimo nestes tempos de crisis onde desgraciadamente moita xente está nunha situación francamente problemática ó non dispór, as veces ningún membro da familia, de ningúnha aportación, soldo ou subvención, ningún ingreso para mantér á familia.

Temos que buscar un equilibrio e unha mellora das condicións laborais; precisamente, en canto á Policía, se está realizando agora unha mellora das instalacións, e condicións económicas; entendemos que pode haber unha mellora económica, pero temos un grupo de xente, unha cantidade importante de traballadores, e temos que velar por todos e velar pola calidade dos servizos ós veciños, porque ó final estamos defendendo unha xestión para que eles teñan un maior nivel de vida, e tamén como decía, fundamental nestes momentos de situación económica crítica: que haxa un equilibrio, que sexa algo xusto, razoable e equilibrado.

Dende a Alcaldía, dende o equipo de goberno, temos a máñ tendida, pero lóxicamente non vamos a permitir pulsos, como decía o representante do BNG, pulsos sen sentido; seguimos abertos á negociación, e a negociación nunha mesa onde podemos sentarnos todos e valorálas situacións.

Mesmo no Concello de Nigrán, onde o BNG ten unha alta responsabilidade, tamén tiveron problemas deste tipo; pero en ningún momento se pode facer unha negociación cos traballadores e, en paralelo, elevar ese problema a nivel xudicial; é imposible; se vamos vía xudicial é vía xudicial, e se vamos a unha mesa de negociación é unha mesa de negociación; se vamos vía xudicial, temos que parar e esperar a que o xuíz, autoridade, por suposto, por enriba do propio goberno, decida e esperar. Tamén quero dicir que se están mellorando os medios técnicos dende fai anos, incluso dende gobernos anteriores, o que é fundamental na mellora dos servizos ó cidadán.

Repito que estamos coa máñ tendida pero non vamos a permitir que isto se leve a un ámbito que non é o desexable; agradezco a proposta da oposición de implicarse neste tema, iso é fundamental. Tiña que facer esta aclaración sobre o que se está facendo para que tódolos grupos, veciños, e medios de comunicación, poidan sabélo.



EXCMO. CONCELO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA**, quen da conta da seguinte:

**PROPUESTA DE ALCALDÍA**

Con el fin de facilitar a aquelas personas con menos recursos y que no efectúan declaración de la Renta de las personas físicas, la posibilidad de solicitar la bonificación prevista en la Ordenanza Fiscal reguladora del Impuesto sobre el Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana, para los supuestos de transmisión de la vivienda habitual de un familiar fallecido, beneficiándose de un ahorro importante en la cuota del impuesto.

Por todo lo expuesto, y a la vista del Informe de Intervención nº 75/09, elevo al Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

1º.-Aprobar la modificación del artículo 4 de la Ordenanza Fiscal reguladora del Impuesto sobre el Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana, en los siguientes términos:

*“Gozarán de una bonificación del 95 % en la cuota íntegra del impuesto la transmisión de la vivienda habitual del causante, o la transmisión o constitución de derechos reales de goce limitativos del dominio, realizadas a título lucrativo por causa de muerte a favor de los descendientes y adoptados, los cónyuges y los ascendientes y adoptantes.*

*Para poder gozar de esta bonificación es necesario que se den la siguientes condiciones:*

*1º.- El bien o derecho objeto de la transmisión habrá sido la vivienda habitual del causante hasta la fecha del devengo del impuesto, y al menos, durante los dos últimos años, lo que se acreditará con certificado de empadronamiento*

*2º. El beneficio se aplicará, a solicitud del beneficiario, siempre que la autoliquidación del impuesto se presente en los plazos legalmente establecidos*

*3º. Para gozar de esta bonificación es necesario que el sucesor mantenga la adquisición durante los cuatro años siguientes al devengo del impuesto, de no cumplirse este requisito procederá el ingreso del importe de la bonificación aplicada más los intereses de demora correspondientes”*

2º.- Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública”

---

**SR.RODAL, PP.-** Con esta modificación, como comentó la Interventora, del artículo 4 de la Ordenanza Reguladora del IIVTNU, y teniendo el Ayuntamiento la facultad de regular dicha ordenanza, se podrá gozar de una bonificación, la máxima, del 95 % en la cuota íntegra del impuesto por la transmisión de la vivienda habitual, sin la obligatoriedad de presentar copia de la declaración del IRPF para verificar si la vivienda transmitida es la habitual del causante, sustituyéndola por el certificado de empadronamiento donde conste que dicha vivienda era la habitual del causante.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** En la Comisión de Asuntos del Pleno xa dixen da dificultade de moitas persoas en presentar a súa declaración de renda como unha das condicións para lograr esta bonificación, polo cal compartimos absolutamente esta nova redacción, aparte de que este grupo sempre é absolutamente partidario da simplicidade administrativa e tributaria, que fai que os veciños e veciñas, no cumprimento das súas obrigacións e na obtención dos seus dereitos, teñan máis facilidades.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Nos parece ben esta proposta pero quixeramos facer unha enmenda, como xa dixen na Informativa: que se reduzca en vez de 2 últimos anos, ó último ano; creemos que sería máis xusto para os veciños e que non terá moita importancia para as arcas municipais; creo que é unha medida bastante positiva; 1 año.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Nos parece correcta a proposta.

**SR.ALCALDE.-** O feito de facélo nese período de 2 anos é por ser norma xeral dos Concellos; é un tema xenérico.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** As condicións desta Ordenanza entendo que poden ser diferentes; o que fala Xose Enrique, de 2 anos, en situación de mortis causa eu entendo que pode ser excesivo, aínda que respetamos esa opción, creo que sí se pode; incluso hai lexislación tributaria, de transmisións patrimoniais, que é diferente lexislación autonómica e estatal, que facilita outros períodos de tempo.

**SRA.INTERVENTORA.-** Tiene que ser año completo; pusimos 2 años porque en otras Ordenanzas era lo que figuraba, pero normalmente la mayoría de la gente que se beneficia de estas bonificaciones es porque ha vivido en su casa toda la vida; casi siempre suele ser así. No veo problema en poner 1 año.

---

**Se somete polo Sr.Alcalde a ENMENDA do BNG a votación, resultando aprobada por unanimidade.**

---

**Procede agora o Sr.Alcalde a votación do presente punto coa enmenda incluída, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**1º.-Aprobar la modificación del artículo 4 de la Ordenanza Fiscal reguladora del Impuesto sobre el Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana, en los siguientes términos:**

*“Gozarán de una bonificación del **95 %** en la cuota íntegra del impuesto la transmisión de la vivienda habitual del causante, o la transmisión o constitución de derechos reales de goce limitativos del dominio, realizadas a título lucrativo por causa de muerte a favor de los descendientes y adoptados, los cónyuges y los ascendientes y adoptantes.*

*Para poder gozar de esta bonificación es necesario que se den las siguientes condiciones:*

*1º.- El bien o derecho objeto de la transmisión habrá sido la vivienda habitual del causante hasta la fecha del devengo del impuesto, y al menos, durante el último año, lo que se acreditará con certificado de empadronamiento.*

*2º. El beneficio se aplicará, a solicitud del beneficiario, siempre que la autoliquidación del impuesto se presente en los plazos legalmente establecidos.*



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

*3º. Para gozar de esta bonificación es necesario que el sucesor mantenga la adquisición durante los cuatro años siguientes al devengo del impuesto, de no cumplirse este requisito procederá el ingreso del importe de la bonificación aplicada más los intereses de demora correspondientes".*

**2º.- Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública"**

**5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACION DO DOMINIO PUBLICO EN SOLO, VO O SUBSOLO.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA.**

**SRA.INTERVENTORA.**- Esta Ordenanza Fiscal nº 19 reguladora de la tasa por ocupación del dominio público local en vuelo, suelo y subsuelo, no se modificaba desde el ejercicio 2003, como consecuencia lo que se hace es aprobar una nueva redacción del texto de la misma para adaptarla a las modificaciones legislativas habidas hasta la fecha, principalmente las remisiones al Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales, y se modifican las tarifas. Así, se eliminan las tarifas previstas para la ocupación en el subsuelo, puesto que hasta la fecha nunca se estaban liquidando dado que las Compañías suministradoras de energía eléctrica ya pagan la tasa legal que marca la Ley que es el 1,5% de la facturación bruta.

Respecto a la ocupación del vuelo de las vías públicas, es decir, de los salientes de los edificios, ya sean terrazas, marquesinas, o miradores, lo que se hace es unificar el importe y fijarlo igual por los 3 conceptos; en algunos casos se reduce y en otros casos se aumenta respecto a la redacción antigua; aún así, es una tarifa bastante reducida.

La única novedad es que se introduce la posibilidad de ocupación en el suelo de la vía pública con elementos como cajeros automáticos, máquinas fotográficas, o expendedoras de bebidas, que no estaba previsto en la redacción de la antigua Ordenanza.

En cuanto a los cajeros automáticos, comentar que se ha introducido expresamente puesto que hay sentencias recientes que avalan la legalidad de la ocupación de la vía pública con dichos cajeros automáticos, de la tasa respectiva.

---

Da conta da seguinte:

**PROPUESTA DE ALCALDÍA**

**Visto el expediente tramitado por el servicio de Intervención para la modificación de la Ordenanza Fiscal nº 19 reguladora de la tasa por ocupación del dominio público local en vuelo, suelo y subsuelo, se propone al Pleno la modificación de la citada Ordenanza.**

**Resultando que desde 2003 no se modificaba esta Ordenanza, con lo que se hacía necesario adaptarla a las modificaciones legislativas habidas desde la publicación del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales.**

**Asimismo se revisan las tarifas, introduciendo conceptos nuevos no gravados y que suponen ocupación de la vía pública, eliminando otros que no se liquidaban y que ya están gravados por otros conceptos, como es la ocupación del subsuelo, e igualando las tarifas previstas para la ocupación del vuelo de las vías públicas.**

**Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:**



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

- 1º. Aprobar un nueva redacción de Ordenanza fiscal nº 19 reguladora de la tasa por ocupación del dominio público local en vuelo, suelo y subsuelo.
- 2º.- Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

---

**SR.RODAL, PP.**- Se eleva al Pleno esta nueva redacción, como se ha comentado, puesto que no se revisaba desde el año 2003, introduciendo conceptos nuevos como los previstos para la ocupación del suelo eliminándose los previsto para la ocupación del subsuelo por estar ya gravados con el 1,5% de la facturación bruta, y se equiparan las tarifas previstas para la ocupación del vuelo rebajándose la de elementos constructivos a 1€/m2 año, y aumentando la de terrazas y miradores a 1€/m2/año. En cuanto a la ocupación del suelo de la vía pública por básculas, máquinas expendedoras, cabinas fotográficas, cajeros automáticos, apartatos infantiles y otras instalaciones o elementos análogos establecidos sobre la vía pública, tendrá un importe de 60 €/m2/año.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.**- Nos parece correcta esta adaptación da Ordenanza á actualidade lexislativa.

---

Procede o Sr.Alcalde a votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

- "1º. Aprobar un nueva redacción de Ordenanza fiscal nº 19 reguladora de la tasa por ocupación del dominio público local en vuelo, suelo y subsuelo.
- 2º.- Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública"

**6.-MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á SOLICITUDE Á CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS A OBRAS DE MELLORA DOS ENLACES NA AUTOESTRADA AG-57.**

O **SR.FERNANDEZ, BNG**, da conta da seguinte **MOCION**:

**EXPOSICION DE MOTIVOS**

No pasado mes de setembro de 2008 o BNG voltou a traer ó Pleno do Concello de Baiona unha Moción relativa ó asfaltado das vías de servizo, así como a solución definitiva á rotonda provisional, entre outras cousas, na saída da autoestrada AG-57 en Sabarís, que foi aprobada cos votos a favor do PP, CMÑ e BNG, e o voto en contra do PSOE. A nova situación política na Xunta de Galicia e a non solución desta problemática a día de hoxe, fai que teñamos que voltar a traer a este Pleno a mesmo Moción que fai case un ano.

Na actualidade están levándose a cabo as obras de mellora dos enlaces na autoestrada que farán posibel unha mellor comunicación e maior fluidez do tráfico rodado na nosa



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**Vila. Estas obras levan parello a creación de novos viais de servizo para acceder ás parcelas afectadas e incluso como vial alternativo a comunicación interparroquial.**

**Na construción da autoestrada fai xa catorce anos a pesares de terse reivindicado en varias ocasións a necesidade de que os viais laterais fosen asfaltados, a Administración Pública fixo oídos sordos a tal petición, dende o BNG creemos que non existe xustificación ningunha para que desta volta se siga mantendo esta situación, polo que propoñemos ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:**

**Dirixirse a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, SOLICITANDO:**

**1.- Creación de cunetas en ámbolos dous viais laterais de servizo na autoestrada AG-57 saída de Sabarís-Baiona Sur.**

**2.-Asfaltado das vías de servizo da citada saída.**

**3.- Solución definitiva a Rotonda provisional neste enlace da autoestrada AG-57.**

**4.- Solución definitiva a pasarela instalada tamén neste enlace da autoestrada AG-57.**

---

**CONTINUA.-** Creo que xa é a enésima vez que traemos esta Moción, e a seguinte tamén, ó Pleno; por norma se solen aprobar e eu quixera pedirlle ó goberno local que aparte de trasladálo que fixera as xestións necesarias en Santiago para que dunha vez por todas, e sobre todo agora que vai a haber unha circunvalación a Baiona, e a rotonda de plástico famosa vai a ter unha afluencia de tráfico máis intensa, pois que se adopte unha solución definitiva; neste tema participou xa toda esta Corporación e parte da que estaba antes; están xa os terreos a disposición e polo tanto pedimos que se leve a cabo dunha vez por todas por ser algo urxente. Pedimos o voto a favor.

**SR.RODAL, PP.-** Como no pode ser de outra maneira, estamos a favor; creo que es la quinta vez que la llevamos a cabo; a ver si todos podemos ver realizadas estas 4 peticiones que hacemos desde antaño, y recordar que en el primer Convenio de colaboración entre la Consellería de Política Territorial que fué firmado con el Alcalde Jesús Vázquez Almuiña teníamos de Conselleiro de Política Territorial al que ahora es el Presidente de la Xunta D.Alberto Núñez Feijoo; ya hay contactos con el nuevo Conselleiro y estamos seguros de que todos estos puntos serán llevados a cabo en breve.

**SR.LORES, PSOE.-** Habíamos feito unhas declaracións e adoptado unha postura nesta moción na cal acusabamos de cinismo ó PP por intentar trasladar o que había feito mal a un Goberno da Xunta socialista; daquela decíamos que fora un goberno do PP quen fixera esta autopista, nestas condicións, e xa decíamos tamén que sen ningún consenso e cun criterio unitario, polo tanto nos parecía moi mal que este goberno, o PP, quixese exisir responsabilidais a un Goberno que naquel momento non estaba gobernando e non tiña culpa ningunha desta situación. Seguimos entendendo, de tódolos xeitos, que estes custos de arranxar as cunetas e os viais debe xestionálos o Goberno da Xunta pero debería ser a propia empresa, que é a que obtén beneficios, a que acade cos custos; non entendemos que unha empresa privada saque os beneficios e que despois teñan que ser os fondos públicos os que arranxen estas vías que está explotando dita empresa. Vamos a votar a favor desta enmenda e a trasladar que, a poder ser, non teña cargos ós fondos públicos.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.VILAR, CMÑ.-** Decirle ó portavoz do PSOE que foi un goberno do PP o que fixo a Autoestrada, evidente, pero foi unha Delegada de Política Territorial, antiga concelleira deste Pleno, a que paralizou as obras que agora reclamamos; ésta é unha verdade incuestionable; polo tanto nós agora vamos a aprobar esta Moción.

Lle poden decir ó Sr.Fernández que nunha entrevista que mantivemos xa co novo Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, o lúns pasado, onde falamos, por suposto co Alcalde, que ten unha gran capacidade de xestión e se lle abren as portas da Xunta de Galicia, falamos sobre a mesa en concreto de todo o que se pide nesta moción: do asfaltado das vías, da rotonda, incluso da pasarela; en todo estamos dacordo e incluso xa o estabamos daquela co Sr.Fernández, bó coñecedor daquela zona, sufridor daquela zona, e sabe que sempre as propostas razoables que aquí se plantexaron se aceptaron, e recordo algunha tan importante como foi a de reducir o ancho da autoestrada cando fixemos o Plan Xeral; esa é a nosa liña e estou completamente seguro de que este tema se vai a desbloquear, temos unha sensibilidade distinta na Xunta de Galicia e o propio Conselleiro no lo prometeu, unha vez que superen eses buracos negros, esas deudas que deixaron os señores do bipartito, nos resolverán este tema.

Vamos a aprobar xa non sei se por segunda o terceira vez esta Moción, e me alegra que o PSOE cambie de postura e que vote a favor agora que pode ver que non se trata de un ataque, agora xa non está a Delegada e xa non vos pode tirar das orellas. Vamos a votar a favor deste tema.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Vilar, os buracos negros me imaxino que estarán sinalizados para que non caigan néles; había ún grande cando chegou a anterior Xunta que se chamaba "chapapote", era o máis grande de todos e era negro, negro de verdade.

Decía vostede que foi recibido polo novo Conselleiro o lúns pasado, seguramente que foi por unha daquelas tantas chamadas que fixen eu, que se acordou que tiña unha cita pendiente co concelleiro de Baiona e seguramente que o recibíu por iso; porque recordou vostede que o actual Presidente era Conselleiro da COPTOPV cando se firmou o famoso Convenio aquel, pois entón tamén cabe recordar que o actual Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, era o Director Xeral, que era quen non recibía ó concelleiro de Vías e Obras de Baiona; polo tanto, me parece moi ben, me alegro, de que os recibiran, de que teñan as portas abertas; e se me esquecía antes felicitalle polas Bandeiras Azuis, pero intencionadamente, foi intencionadamente, e ¿sabe porqué? porque segue vostede tendo unha asignatura pendiente que é a praia Ladeira, que a única vez que tivo Bandeira Azul foi cando este concelleiro que fala era o responsable da súa limpeza, a única vez, e nesta sala se me recriminou moitas veces por gastar diñeiro en limpá-la.

A verdade é que cando estamos dacordo nas mocións é cando máis discutimos; quero decirle que efectivamente foi o PP quen fixo a Autoestrada Puxeiros-Val Miñor, e se agora está sendo reformada foi porque non a fixo tan ben; en todo caso decirle que foi tamén o Goberno do Sr.Fraga, o PP, quen tardou máis de 11 anos en pagarnos ós afectados; esperemos que agora non volva a suceder o mesmo e os afectados que están novamente agora xa, de segunda volta, xa hai modificados, pequenos modificados porque tamén a obra é moi pequena, que non volvan a tardar en cobrar outros 11 anos; ese é o medo que teñen os veciños.

**SR.RODAL, PP.-** Decirle al Sr.Fernández que a veces todos tenemos algún lapsus mental; la Ladeira ya tuvo dos Banderas Azules, una cuando estuvieron ustedes gobernando y después gobernando nosotros; me imagino que ahora me dirá que fue gracias a la preparación que hizo usted, que había limpiado las playas y nos las preparó para nosotros; pero es que hicimos la moción de censura en noviembre y las Banderas Azules se adjudican en mayo.

Me congratulo con el PSOE, la última vez que tratamos este punto como Moción urgente ellos estaban en contra y ahora no; yo dije que nosotros no cambiábamos de postura gobernara quien gobernara, pero ellos, como nos imaginamos, ahora cambian de postura; en cualquier caso nos congratula de que ahora sí voten a favor.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**SR.LORES, PSOE.-** A argumentación é exactamente a mesma; o que pasa é que nós decíamos daquela que a quen lle corresponde arranxar isto é o PP, agora está o PP no Goberno, polo tanto que o arranxe.

Decirille ó Sr.Vilar que están ben eses viaxes a Santiago, pero están mellor as obras, que de momento o único que están facendo son viaxes; se o Alcalde, como dí vostede, abre portas, esperemos que aparte de abrir portas despois haxa feitos e poderemos ó final destes 4 anos comparar os 4 anos de feitos en Baiona cos outros 4 anos. Abrir portas está ben pero cunha chave xa se fai, o importante é traer inversións e facer cousas para Baiona.

Correxirille ó Sr.Fernández porque o señor Fraga non tardou 11 anos en pagar, non pagou; pagou o goberno progresista cando tomou posesión. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.-** A verdade é que estou moi dolido co Sr.Fernández por non felicitar-me, non esperaba iso dél, pero para sua tranquilidade voulle decir que falamos co Conselleiro do problema da Ladeira, falamos seriamente; non quero falar aquí deste tema porque creo que é mellor falálo nunha Comisión Informativa, pero a situación da Ladeira, sen ser unha situación alarmista porque ten unha calidade apta para o baño, creo que é un problema que nos afecta alleo ó Concello de Baiona, cando hai outros Concellos que realmente poden ocasionarnos problemas, esperemos que sexa unha Autoridade supramunicipal a que resolva ese problema; repito que falamos dese tema; quero decirllo para sua tranquilidade, e se quere un día, nunha Comisión Informativa, falamos seriamente, con datos, lle explicarei os temas que son subsanables e esperemos que nun futuro se fagan. Estamos traballando seriamente porque a Ladeira, o meu xuízo, a praia máis emblemática de Baiona, é a que temos que potenciar porque ten unha calidade extraordinaria, que non lle ten nada que envidiar a outras praias que teñen máis nome, ademais de ser unha praia fermosa é unha praia cunha calidade de area importante; evidentemente é unha praia de fondo de ría, ten o asunto das algas, este ano vamos a facer incluso un tema experimental para resolver este problema das algas coa máxima prontitude, que vai a ser da sua satisfacción, pero repito que xa falamos na Consellería de Medio Ambiente. Respecto a esta moción estamos a favor, como non pode ser doutro xeito.

**SR.ALCALDE.-** Un chiste final: como temos todos tantas ganas de ver xa esa rotonda de plástica por fin sólida e ben sinalizada, eu seguramente faga unha proposta para que a glorietta se chame "Glorieta de Fernández e Hernández" como os chamosos irmáns Policías de Tintín, en honor ó concelleiro e ó Conselleiro.

---

**Procede o Sr.Alcalde a votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**Dirixirse a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, SOLICITANDO:**

**1.- Creación de cunetas en ámbolos dous viais laterais de servizo na autoestrada AG-57 saída de Sabarís-Baiona Sur.**

**2.-Asfaltado das vías de servizo da citada saída.**

**3.- Solución definitiva a Rotonda provisional neste enlace da autoestrada AG-57.**

**4.- Solución definitiva a pasarela instalada tamén neste enlace da autoestrada AG-57.**





EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**7.-MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS DA LIBERTADE DE PEAXE NA AUTOESTRADA AG-57 RESPECTO OS ENLACES DOS CONCELLOS DE BAIONA, GONDOMAR E NIGRAN.**

O SR.FERNANDEZ, BNG, da conta da seguinte **MOCION**:

**EXPOSICION DE MOTIVOS**

O BNG dende o avance para a construción da actual autoestrada AG-57, sempre afirmou que o traxado proxectado non solucionaría o problema do tráfico non só en Baiona senón tamén no Val Miñor, e sempre sinalou a necesidade da creación de vias que fixeran as veces de circunvalación entre os tres Concellos do Val Miñor.

Agora ben, o que sí nunca contemplamos nas nosas propostas, era que eses enlaces foran previo pago de peaxe. Cuestión que nos parece un completo erro, xa que lonxe de solucionar os problemas de tráfico existentes entre a comunicación dos tres Concellos o que fará é que se malgasten máis de 20 millóns de euros, nunha infraestrutura que estará infrautilizada.

E máis, o BNG entende que o actual cobro de 1,45 € por traxecto entre Baiona e Vigo non está para nada xustificado, xa que as actuais vías de comunicación que existen entre o noso Concello e Vigo están na actualidade completamente saturadas, e a utilización da AG-57 sería un grande aliviadoiro de vehículos se non se cobrase esta peaxe. Moitos veciños e veciñas do noso Concello non se poden permitir pagar esta peaxe todos os días para poder acudir os seus postos de traballo. Queremos sinalar que un veciño/veciña que teña que empregar os cinco días da semana esta autoestrada para ir e vir do seu traballo estalle supoñendo un custo mensual mínimo de 300 € entre peaxe e combustible, é dicir, cerca dun 50% do salario mínimo interprofesional.

Ademáis, sen ir máis lonxe, temos como exemplo o tramo de autoestrada de recente creación entre o Alto de Puxeiros e Tui, resultou ser unha infraestrutura que está totalmente infrautilizada e que para nada solucionou os problemas de tráfico no Concello de Mos.

En Baiona non podemos permitir que se volvan a cometer erros que xa se cometeron outras veces, nin outros lugares. A Consellería de Política Territorial vai gastar máis de 20 millóns de euros nunha infraestrutura que non vai solucionar os problemas de comunicación nos Concellos do Val Miñor.

E por isto polo que o BNG presenta esta Moción, para a resolución dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Que o Concello de Baiona se dirixa á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, para solicitarlle que os enlaces entre os Concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán sexan libres de peaxe.

2.- Que o Concello de Baiona se dirixa á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, e ó Ministerio de Fomento, para que se suprima o actual peaxe da autoestrada AG-57 entre o Concello de Baiona e a cidade de Vigo.

---

**CONTINUA.-** Pido o apoio para esta Moción. Moitas grazas.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**SR.RODAL, PP.** - El Partido Popular va a estar a favor de esta Moción porque nosotros siempre velamos por el bien de los baioneses, pero decirle al Sr.Fernández dos cosas: que cuando estuvieron gobernando en bipartito durante 4 años pues sacaron el peaje de Cangas, pero éste no, y realmente ustedes en la oposición hacen un trabajo muy digno y muy sensato porque la nueva Xunta no lleva ni 60 días y ya están proponiendo todas estas ideas. Decirle que llevaremos esta Moción a la Consellería pertinente y esperemos que llegue a buen criterio esta petición que hacemos entre todos.

**SR.LORES, PSOE.** - O PSOE vaise sumar a esta moción; en primer lugar decir que foi a Xunta nosa, do BNG e o PSOE, a que ó final fixo os enlaces; cando o PP fixo esta autoestrada non contemprou isto como unha solución para o Val Miñor; simplemente contemproullo como unha forma de comunicar o Val Miñor, Baiona ou Nigrán, con vilas moi lonxe, pero non servíu nunca como comunicación entre os 3 Concellos do Val. En canto ó peaxe, esta situación ven do PP, polo tanto que o PP o resolva. Apoiamos esta Moción.

**SR.ALCALDE.** - A verdade é que creo que vostede votou ó PP nas últimas eleccións autonómicas.

**SR.VILAR, CMÑ.** - Esta moción xa foi debatida aquí varias veces; vamos a votar a favor, por suposto; cada vez estou máis convencido de que o Val Miñor debера ter un peaxe único e a circunvalación debería de ser gratuita dende Nigrán ata Sabarís e ata Baredo, igual que o vai a ser de Baredo a Sabarís, e poño un exemplo claro: si en Baiona pagamos 1,45 €, e en Nigrán pagan 1 €, hai unha diferenza extraordinaria, a nós non nos parece que haxa un equilibrio; en cambio, si se fixera unha media, por exemplo, entre esas dúas, pagando 1,25 €, practicamente se equilibraría, e se luego entra Gondomar tamén a facer a media (cando Gondomar paga menos que Baiona) seguramente pois podería saírnos a pouco máis de 1,15 € a media; creo que iso sería o razoable; esta é a nosa proposta. Creemos que o peaxe único ó Val Miñor, despois de moitísimas reflexións e falando con números, favorecería a todos, porque se ben é certo que o veciño de Nigrán tería que pagar algo máis tamén o veciño de Nigrán tería a opción de vir a Baiona de xeito gratuito. De isto tamén falamos co Conselleiro o outro día, e a Xunta tamén baraxa moitas posibilidades como pode ser que aquel que usa moito a autopista que pague menos; pero que dúbida cabe que o sistema que está actualmente implantado é un sistema inxusto e sobre todo é perxudicial, en parte, para os veciños que teñen que vir a Baiona, tanto os de Baiona que teñen que utilizar a autopista como os que teñan que vir. E nos parece tamén pouco operativo que se poña unha carga económica para circunvalar dende Nigrán ata Baredo, por isto nós estamos a favor da Moción.

En canto ó que decía o portavoz do PSOE, de que sí agora quen fai esa obra, hai que mirar o custe desa obra; é moi fácil fichar con millóns, "o Real Madrid vai a fichar a Kaká ou a Cristiano Ronaldo", pondo un símil deportivo, claro, se pomos sobre a mesa unha cantidade desorbitada de millóns de pesetas podemos fichar a calquera, con cartos todo se compra, pero o PSOE lle dixo a autopistas: "fagan vostedes o proxecto e controlen vostedes a obra", ¿qué pasa? pois que se pón en máns da autopista unha obra deste tipo a costa de logo rebaixar o valor que tiña a autopista e polo tanto os ingresos que percibíamos os Concellos; aquí, se houbo algún beneficiado nesta obra, foi Autoestradas, é o gran beneficiado; esa foi a xestión que fixo o PSOE; así calquera. Polo tanto entendemos que esta moción é oportuna e cantas máis destas mocions se presenten mellor, polo menos é despertar esa conciencia colectiva, e de igual xeito que no Morrazo se conseguiu a gratuidade para o ponte de Rande rompendo o equilibrio que tiña que existir, e que ten que existir, con outras zonas da provincia que podían utilizar o mesmo ponte, como é un veciño que ven de Pontevedra, ou que ven de Redondela, que aínda que non o utilice pode reclamar; nós creemos que non se está actuando con xustiza territorial e polo tanto votamos esta Moción a favor en coherencia co que sempre defendemos; non nos importa que isto veña do BNG, o defendemos estando gobernando o PSOE, estando gobernando o PP, estando gobernando quen sexa, porque os intereses de Baiona están por encima de todo e creemos que é de xustiza. Estamos totalmente a favor.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Sr.Rodal, efectivamente o novo Goberno da Xunta ten so uns días pero o noso traballo na oposición é fiscalizar ós gobernos, neste caso ó local, e facer propostas, e en vista de que a última que fixemos creo que foi no ano 2007 e o Goberno da Xunta non lle deu tempo a facélo, haberá que decírllo a este novo canto antes para que teña tempo de facélas.

En todo caso, Sr.Vilar, a vostede a veces lle traiciona o subconsciente e volve a pensar como de esquerdas, unha vez xa o dixo na prensa: "yo siempre fui de izquierdas", ¿se acorda?, e antes dixo: "los de la izquierda solamente piensan en gastar", e tamén dixo: "con cartos todo se compra"; pois eu lle digo que se o PP quere fichar a un concelleiro do BNG non ten cartos que lle cheguen, pódollo asegurar.

Nos satisface que apoien esta moción e que non quede aquí, que se traslade a Santiago e que sexa para un bó acordo ó final. Pido o voto a favor.

**SR.ALCALDE.**- Creo que o Sr.Lores non dixo unha cousa correcta, o que é o intercambio, os enlaces, non os fixo o PSOE, os fixo a Xunta pero o Convenio foi firmado polo Conselleiro de Política Territorial Sr.Alberto Núñez Feijoo, polo Sr.Alcalde de Nigrán D.Alfredo Rodríguez, o Sr.Alcalde de Gondomar D.Carlos Silva, o Alcalde de Baiona (neste caso eu), e o Presidente de SACIR, Sr.Del Rivero; e foi asinada en Nigrán fai agora 4 anos; o problema é que houbo moito retraso.

O Convenio decía que se valoraría a posibilidade; nos vendeu despois a Sra.Caride, decindo que non, que agora xa os Concellos non ían a por nada, ata que nos enteramos de, primeiro, o que dixo o Sr.Vilar: a obra a paga a Xunta e encarga a obra a SACIR, constrúe SACIR e o control da obra é de SACIR, polo tanto SACIR vai cobrar da Xunta de Galicia e o que costa esa obra o vai saber SACIR, non a Xunta, é decir, hai un porcentaxe que paga a Xunta e outro SACIR, ¿cál é o que paga SACIR e a Xunta?, o sabe SACIR, non a Xunta. Ademais de iso nos quitaron valor catastral a tódolos Concellos de Galicia, co cal en Baiona, anualmente, perdemos máis de 20.000 euros; eses 20.000 euros deixan de pagalos a empresa SACIR ó Concello de Baiona, máis a Nigrán, máis a Gondomar, e a tódolos Concellos galegos, que van a recibir menos de SACIR, ¿porqué? porque neste caso o señor Zapatero considerou que había que darlle estas facilidades a SACIR; é o mesmo co tema dos coches, anuncia o Presidente Zapatero que van a dar 2.000 euros de axuda para compra de coches, nós damos 500, os concesionarios 1.000, e as Autonomías 500, regala 2.000 pero pago 500; isto é exactamente igual: a obra a paga SACIR e o Estado, SACIR e a Xunta; e os Concellos, cando nós non tivemos nin arte nin parte.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Eu, se tivera diñeiro invertiría en SACIR, porque foron capaces de sacarlle ó PP 50 anos de concesión da autoestrada e son capaces de sacarlle ó PSOE unha obra nestas condicións; son uns fenómenos.

**SR.ALCALDE.**- Recordolle que tamén ó BNG, porque o BNG estaba no goberno do PSOE. Por certo, o Conselleiro, a vostede, o coñece perfectamente, Sr.Xose Enrique Fernández, e dí exactamente onde tiña os terreos cando fixeron a variante de Sabarís, coñece todo detalle; él estivo con vostede moitas veces en Sabarís.

---

**Procede o Sr.Alcalde a votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**1.- Que o Concello de Baiona se dirixa á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, para solicitarlle que os enlaces entre os Concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán sexan libres de peaxe.**



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**2.- Que o Concello de Baiona se dirixa á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, e ó Ministerio de Fomento, para que se suprima o actual peaxe da autoestrada AG-57 entre o Concello de Baiona e a cidade de Vigo.**

### **8.-MOCIONS.**

**SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha cuestión de orden.** Presentamos outra moción para traer ó Pleno e o Alcalde comentoume que había pedido uns informes técnicos o que nos parece correcto; en todo caso temos algunha documentación que quedara de pasarlle á concelleira de Urbanismo, o que farei ó terminar o Pleno, para ver se pode resolver porque é unha cuestión bastante importante xa que as infraestructuras que necesita o Concello son cada día maiores; creo que o custo desta operación sería 0 e sería importante leválo a bo fin. Polo tanto non vamos a presentar a Moción e vamos a esperar a que os informes saian adiante, a ver si estiveran para o próximo Pleno, porque tamén o tempo inflúe un pouco, están traballando, e me imaxino que SACIR necesitara saber se vai a ser dun xeito ou doutro para facer as obras dunha maneira ou doutra.

**SR.ALCALDE.-** Falamos fai un mes ou dous con SACIR polo tema do camiño Gavín, que se altera; entón agora trátase de falar cos técnicos de SACIR e cos técnicos municipais para que elaboren un informe e despois poder debatir xa con contido.

### **9.-ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **- RESPONSTAS AS PREGUNTAS DO PSOE FORMULADAS NO DERRADEIRO PLENO.-**

**- *¿Cándo, dunha vez por todas, lle van a facer caso ós veciños?; hai unha demanda, incluso por escrito neste Concello, dos veciños do casco vello, na que piden que na Porta da Vila, ese acceso ó casco vello, sexa de entrada e de saída; parece ser que xa foi transmitida esta petición ó Concello fai tempo e o Alcalde ten a calada por resposta, ou sexa, ignora as necesidades reais que teñen os veciños de Baiona.***

**SR.ALCALDE.-** Por parte dos técnicos municipais, falando coa Asociación, con CAHIBA, se explicou que o que plantexaban eles tiña máis problemas, polo que se fixo unha modificación (que trasladouse ós veciños e á oposición) de que a calle Conde se fixera de dobre dirección, co cal entendemos que o acceso queda perfectamente salvado.

**- *¿Cál é a clave que nos facilita a entrada e o acceso á páxina web do Concello para poder publicar unha nota?. Pedimo-la clave.***

**SR.ALCALDE.-** A páxina web do Concello lóxicamente a definimos os diferentes servizos municipais, é información, non é unha rede social, é unha rede informativa.

**- *Queremos saber se no proxecto da rúa Elduayen se contempla o soterramento do cableado.***

**SR.ALCALDE.-** Se contempla, en todo o que é canalización, pero depende tamén de FENOSA e FENOSA ten un proceder un pouco lento; falamos xa en repetidas ocasións con eles, e por certo, os responsables cos cales falamos teñen boa intención pero levan un procedemento moi lento. Nós estamos tratando de soterrar en tódalas obras onde hai tendido eléctrico pero a día de hoxe todavía non é definitivo.

**- *Queremos preguntar quén, por parte do Concello, ou qué departamento, controla e coordina as obras que se están a facer neste Concello; as veces parece que hai***



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

***certa improvisación. ¿Qué servizo, ou persoa, é a encargada de controlar, e sobre todo coordinar, as obras do Concello?.***

**SR.ALCALDE.-** A senda fluvial no río Bahiña é proxecto do Arquitecto Faustino Mena Mur, a dirección da obra a leva él mesmo.

Obra de urbanización en Santa Liberata; o arquitecto do proxecto é Jose Luis Domínguez, quen tamén é o director da obra.

Ampliación da rede municipal de saneamento en parroquias; o Inxeniero que fixo o proxecto é Baltasar Pujales, tamén é o director da obra.

Humanización da rúa Marqués de Quintanar; Alberto Moreno é o Inxeniero que fixo o proxecto, Baltasar Pujales é o director de obra.

O Paseo Monte Boi o fixo Faustino Mena Mur; o Inxeniero Director da obra é Baltasar Pujales.

Pavimentación, reposición, supresión de barreras arquitectónicas en Elduayen; autor do proxecto é Rafael Llano, quen tamén é o director de obra.

Aparte dos directores das obras e dos autores dos proxectos, lóxicamente os servizos municipais están totalmente volcados na vixiancia das obras, tanto a concelleira de Urbanismo como o Arquitecto, e o Aparellador, de feito o concelleiro de Vías e obras e Medio Ambiente tamén, e o concelleiro de Turismo. Todos están implicados posto que son obras importantes nas que hai que estar encima tódolos días posto que surxen dificultades de diversa índole que hai que ir resolvendo.

---

### **PREGUNTAS DO PSOE. (ó Pleno de hoxe)**

**SR.LORES.-** Aproveitamos para felicitar ó Clube Erizana polo ascenso do equipo femenino.

**- ¿Que aportación económica vai dar o Concello de Baiona para solventar esta nova situación? (aparte do Convenio que teñen actualmente), e tanto da Deputación como da Secretaría Xeral para o Deporte.**

**SR.ALCALDE.-** O Concello de Baiona felicita ó Erizana femenino porque leva non so esta temporada, senón varios anos, facendo unha gran labor, igual que felicita ó fútbol Sala VAITRA BAIONA que tamén ascendeu de categoría, e tamén ó Clube baloncesto Baiona, e felicita lóxicamente a tódolos clubs porque o ascenso de categoría é importante pero para mín o máis importante é que haxa moita xente en Baiona practicando deporte.

O apoio económico xa está falado co Clube; o Concello de Baiona este ano ten un problema pola restrición económica, ten un millón de euros menos de Presuposto, e por outro lado aumentou o número de Asociacións de todo tipo, culturais, deportivas, rexistradas no Concello, polo tanto vamos a ter dificultades pero dende logo que vamos a mantér os cartos destinados ós Clubs, entre eles o Erizana, que ten un convenio único, é o único clube que o ten; tamén hai que recordar que deixamos as instalacións (o cal é algo moi importante), deixamos a explotación da publicidade das diferentes infraestructuras, e xa falamos co Presidente do Clube e estaremos unidos en diferentes negociacións, colaboración con empresas, e lóxicamente coa Deputación e coa Secretaría Xeral; o clube ten que facer unha solicitude e nós moverémonos para tratar, dentro do posible, lograr esa mellora, pero hai que ter en conta que hai outros clubs no Concello ós que tampouco podemos descuidar; é bo que haxa moitos clubs, o noso apoio é total, pero temos unha limitación económica; houbo unha serie de atencións directamente ó equipo femenino e intentaremos que esta subida de categoría se faga da mellor forma posible.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.LORES.-** Hai unha veciña do casco vello que necesita diálisis e debido ás obras do Concello agora non pode virar a ambulancia; solicitan para este servizo de ambulancia que se poida dar saída pola Porta da Vila.

**SR.ALCALDE.-** O problema é que hai que facer a obra; esa non pode ser unha solución inmediata. Teño que dicir que, como Alcalde de Baiona, nadie se puxo en contacto conmigo para falar deste tema, non sei se sabe algo a concelleira de Benestar Social; tampouco mo comentou o Xefe da Policía; que se poñan en contacto de forma urxente con nós, a familia, ou o propio servizo da ambulancia, e buscaremos a solución sen dificultade.

---

### **ROGOS DO PSOE.**

#### **SR.LORES:**

- Na Praza de Pedro de Castro están plantando arredor do monolito unhas plantiñas; realmente ¿iso é “uña de gato”?

**O ROGO é que retire a “uña de gato” porque hai directrices da Consellería de que é unha planta que se debe erradicar por ser unha especie invasora. Este non é un problema de pareceres, son directrices da propia Xunta.**

**SR.VILAR, CMÑ.-** A “uña de gato” é unha planta procedente de Sudáfrica que se truxo aquí cun obxectivo, moitas veces se utilizaba para contener talúdes, para aquelas zonas pobres en vexetación, etc., sole darse en zonas litoriais; nalgún caso como na zona do entorno do Parador esta planta leva máis de 150 anos e algúns dos que aquí están son netos de persoas que fixeron moitísimo polo Parador, eu sigo pensando que o señor Antonio del Castillo foi sen dúbida unha das persoas ás que máis lle debe Baiona pola conservación das murallas, algo que hai que recoñecer aínda que traballaba para o señor Bedriñana, e toda esa xente respetaba á “uña de gato” e sabía que estaba facendo na zona do Parador un beneficio porque evitaba que crecieran as silveiras e as malezas, nese entorno. Eu manteño discrepancias con quen dí ““uña de gato”, especie invasora; vamos a exterminála”, a mín se me dicen que nalgúns zonas onde se implantou recentemente hai que exterminála pois pode ser, pero non nestas zonas onde non se daría outro tipo de planta, ademáis ofrece unha flor de cor rosado ou amarelo que é bastante bonita; estas plantas tamén pódense utilizar en xardíns.

Teríamos que analizar cales son as plantas invasoras porque aquí, procedentes doutras zonas, incluso de zonas tropicais, chegaron moitísimas especies, unhas mellores, outras peores; por exemplo: a herba “pampa”, hai que exterminála porque non é unha planta que vaxa co noso sistema; en cambio a “uña de gato” combinada en xardíns é bonita, e ten unha función; polo tanto hai que sacarlle ferro a ese tema de porque sexa unha especie invasora hai que exterminála.

E certo que impide que crezcan outras especies, pero a veces o impide en sentido positivo; é unha planta que leva moitísimos anos no entorno de Monte Boi e creo que nese entorno ten unhas características especiais. Hai que analiza-los temas cun rigor diferente; e que eu sepa, no transcurso do tempo, en Baiona a ningún veciño cando da unha volta arredor do castillo se lle ocorre dicir: “esta é unha planta invasora e hai que acabar con ela”. Vamos a mantér o sentido común e vamos a mantér a “uña de gato” onde haxa que facélo, e se hai que sacála dalgún outro sitio pois se saca, e disfrutar da beleza que sempre nos proporcionan as plantas, porque eu sempre prefiro admirar un xardín con plantas que non con terra, aínda que sexa “uña de gato”.

**SR.ALCALDE.-** Agradezco a actitude investigadora da Concellería de Medio Ambiente.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**SR.ESTEVEZ:**

- Que se nos facilite a acta da Xunta de Goberno Local do 12 de marzo de 2009, si existe; ou si é un erro na acta da sesión do 26 de marzo de 2009; non está na documentación que temos.

---

**PREGUNTAS DO BNG.**

**SR.FERNANDEZ.-**

1.- **¿Qué criterios ou porqué motivos os redactores dos proxectos non dirixen as obras nalgúns dos casos?.**

**SR.ALCALDE.-** Pode ser nalgúns casos por temas personais de traballo, nada en especial.

2.- **O traslado do kiosco que se moveu da rúa Elduayen no día de onte, ¿pensan pólo despois no mesmo sitio?.**

**SR.ALCALDE.-** Aproximadamente, no mesmo sitio non.

3.- **Recollida selectiva en parroquias, ¿en qué situación se atopa esta recollida que a día de hoxe non se está facendo?. O tema do papel non se está facendo.**

**SR.ALCALDE.-** Si se está facendo, no próximo Pleno poderemos decir exactamente qué días.

4.- **Pedimos fai máis dun mes unha relación detallada da execución das partidas do Orzamento 2008, Capítulo I e Capítulo VI, e aínda non nos foi entregada.**

**SR.ALCALDE.-** Disculpe; será entregada ó salir.

5.-**¿En qué situación se atopa a parcela concedida a MARVIL para facer vivendas sociais?. ¿Qué pensa facer o goberno local ó respecto?.**

**SR.ALCALDE.-** Contestaremos no próximo Pleno.

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.